

DECRETO NÚMERO \$

Excmo. Sr. Don LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ.- Alcalde Presidente, en funcións, do Excmo. Concello.

Polo Decreto de Alcaldía nº 13011658, de data do 27-11-2013, aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento selectivo convocado para a cobertura en propiedade de 3 prazas de Delineantes, figurando dona María Albertina Valle García entre os excluídos “por non presentar a fotocopia compulsada da titulación esixida ou non corresponderse a titulación presentada coa titulación esixida”.

A aspirante citada, con data do 16-5-2013, presentou solicitude para ser admitida á convocatoria pública do referido proceso selectivo, xuntando á mesma, entre outros documentos, copia do Título de Maestro Industrial, na rama de delineantes-Sección delineante da construción, sendo xa excluída por causa da titulación aportada, da lista provisional de admitidos no dito procedemento, que foi aprobada polo Decreto da Alcaldía número 13008022, do 21 de agosto de 2013.

Con data do 19 de novembro pasado, polo Xefe de Servizo de Enxeñería emítese informe expresivo de que “reitérase o manifestado en anterior informe de 2 de agosto de 2013, no senso de que se deberá aportar informe ou certificación ó Ministerio sobre a equivalencia segundo ramas ou especialidades para a súa titulación concreta, a fin de evitar calquera discrecionalidade por parte desta Administración á hora de interpretar se se pode admitir dita titulación como equivalente á de Técnico Superior en Desenvolvemento e Aplicación en Proxectos de Construción, toda vez que non existe unha equivalencia concreta por ramas ou especialidades entre as titulacións de Maestro Industrial e a de Técnico Especialista”.

O día 12 de decembro en curso, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello, escrito do Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Lugo, solicitando a anulación do proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade de tres prazas de deliantes, ó excluir da lista definitiva de admitidos á colexiada nº 145, dona Mª Albertina Valle García, por non considerar a súa titulación equivalente á solicitada, habendo presentado en tempo e forma certificado deste Colexio Profesional, no que constaba a correspondente equivalencia entre a súa titulación e a solicitada para cubrir ás prazas, xuntando escrito do Presidente do Consejo General dos Colexios Profesionais de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectivistas no que consta que o título de Maestro Industrial da Rama Delineantes Sección Delineante da Construción es válido para o acceso ás prazas de delineante convocadas polo Concello.

Novamente, con data do 16 de decembro en curso, emítese informe polo Xefe de Servizo de Enxeñería no que, á vista do escrito presentado polo Colexio

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 13drsuspprocesoselectivodelineantes.doc

Asunto:

Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Lugo, entende, tal e como se manifestou en anteriores informes, que non debe de ser esta Administración a que determine a equivalencia por ramas ou especialidades das titulacións, non poñendo en dúbida o que se pon de manifesto nos escritos remitidos dende o Colexio Profesional, propoñendo, por tanto, que se plantexe consulta ou ben ó Ministerio ou ás Escolas de Formación Profesional, a fin de que se pronuncien sobre este particular.

Por todo elo, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/388, do 29 de maio de 2013, e do Decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, **RESOLVE:**

Primeiro.- A suspensión do proceso selectivo convocado por este Concello para a cobertura en propiedade de tres prazas de Delineante, no que estaba previsto celebrar o primer exercicizo ás 13 horas do día 19 de decembro en curso, no Salón Central do Ecdificio da Fundación Feiras e Congresos de Lugo, ata tanto polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes se informe sobre si se pode admitir o título de Maestro Industrial presentado por dona Mª Albertina Valle García, como equivalente ó de Técnico Superior en Desenvolvemento e Aplicación en Proxectos de Construcción, toda vez que non existe unha equivalencia concreta por ramas ou especialidades entre as titulacións de Maestro Industrial e a de Técnico Especialista.

Segundo.- Que se dea traslado do disposto ó Taboleiro de Anuncios e a páxina web municipal, así como que se publique anuncio urxente sobre a citada suspensión, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cúmprase.